



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VENTOSELA 3 DE DECEMBRO DE 2015

Coa finalidade de celebra-la xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe, tres de decembro de dous mil quince, no Centro Social da Miñoteira, ás vinte horas e trinta minutos, **reúnense**, como membros do Consello parroquial de Ventosela,

- Francisco Táboas Carrera, representante do grupo municipal AER
- Félix Cal Cortizas, representante da Comunidade de Montes
- Mar Mariño Alfonso, representante do sector Muller
- M^a José Casqueiro Amoedo, representante do Sector Ensino
- Begoña Freire Fernández, representante da Asociación de veciños de Ventosela
- Telmo Cabaleiro Castrelos, representante da Asociación veciñal Miñoteira
- Bernardo Freire Míguez, representante da Comunidade de Augas
- María Zabaleta Bouzón, representante do sector Cultura.

Asiste tamén, con voz pero sen voto, o concelleiro de Medio Ambiente don Miguel Ángel Álvarez Ballesteros.

Preside o consello, por delegación do Alcalde, María José Barciela Barros, e exerce de secretaria María Xosé López Regos, axuliar de Administración Xeral do Concello de Redondela.

Os puntos da **orde do día** son:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Designar representante do Consello Parroquial para a Comisión Territorial do PXOM
- 3.- Proxecto Redondela 2020
- 4.- Proxecto compostaxe e reciclaxe Redondela 2016-2020
- 5.- Propostas de modificacións do regulamento dos consellos parroquiais
- 6.- Rogos e preguntas.



CONCELLO DE REDONDELA

Punto 1. Aprobación da acta do 1 de outubro de 2015

Por unanimidade dos membros presentes apróbase a acta da xuntanza do 1 de outubro de 2015 do Consello Parroquial.

Punto 2. Designar representante do Consello Parroquial para a Comisión Territorial do PXOM

Bernardo Freire comunica que xa hai unha persoa designada, Perfecto Couñago Couñago coa colaboración tamén de Tucho. Por 6 votos a favor e ningún en contra ratifícase esa designación.

Begoña Freire e Félix Cal consideran que debería de terse comunicado previamente para poder debatelo no consello parroquial.

O concelleiro, Miguel Ángel Ballesteros, indica que foi preciso contactar antes con esas persoas para poder comezar a traballar canto antes.

Punto 3. Proxecto Redondela 2020

Dende o Sector Augas comunican que xa achegaron ideas.

O representante de AER comunica que dende a súa organización consideran que sería mellor facelo por parroquias.

O concelleiro de Medio Ambiente considera que sería importante que os membros do consello lles dean a coñecer ós veciños da parroquia o proxecto e a posibilidade de colaborar achegando ideas.

Punto 4. Proxecto compostaxe e reciclaxe Redondela 2016-2020

Miguel A. Álvarez Ballesteros informa de que hai anos xa se repartiron composteiros polo Concello e que o ano pasado houbo charlas informativas sobre a compostaxe.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo, comunica que agora hai un programa de Redución de orgánico que vén de Bruxelas co que se pretende reducir nun 50% eses residuos.

Tamén comenta o mal uso que se fai dos colectores do lixo pois neles a xente deposita céspede, restos de poda....

Nun primeiro momento pensaron nunha compostaxe comunitaria, con Mestres composteiros, coma en Navarra, pero o espallamento do rural en Galicia fai necesario traballar tamén a compostaxe individual.

Regalaranse composteiros e ensinarase o seu uso co obxectivo de conseguir cambiar inercias.

Unha terceira liña de actuación será a recollida porta a porta a grandes produtores para intentar chegar á porcentaxe do 50% no ano 2020.

É preciso que a xente se anote no programa.

Tamén informa do orzamento para gasto do lixo e como o mal uso dos colectores, xa comentado, depositando material de compostaxe, incrementa considerablemente o gasto pois a Sogama págaselle por tonelada.

Comunica que o xoves 10 na Casa da Cultura ás 18.00h haberá unha charla e que se se xunta xente suficiente sería posible dar unha charla en Ventosela.

Punto 5. Propostas de modificacións do regulamento dos consellos parroquiais

A Asociación Cultural do Viso xa fixo as súas propostas e queren que se dean a coñecer. O concellerio de Medio Ambiente dálles cadansúa copia ós asistentes.

Comunica que as propostas hai que facelas chegar ó Concello ó departamento de Participación Cidadá.



CONCELLO DE REDONDELA

Félix considera necesario que nos consellos parroquias estean presentes tódolos ámbitos da parroquia.

Punto 6. Rogos e preguntas

Begoña Freire comenta que no anterior consello se falou de camiños que se van asfaltar pero considera tamén necesario reasfaltar outros que están moi deteriorados como o camino de Requeixo e o Arcipreste.

María Jose Barciela, a concelleira, di que é necesario facelo a través dun contrato cunha empresa mentres que para o asfaltado novo serve persoal do Concello.

Coméntase que o contedor da Poza do Lombo está agarrado con 2 pedras e habería que facerlle unha base.

Pola parte de abaixo da Poza (camiño do Lombo) estaría ben pór un banco.

Félix comenta a posibilidade de instalar un punto limpo no Concello. O concelleiro de Medio Ambiente di que xa se pensou e pediu e que xa veu un técnico da Xunta de Galicia pero é preciso un terreo de 1500/2000 m². Unha zona céntrica sería pola parte de abaixo do cemiterio de Trasmañó.

Félix comenta a posibilidade de que o Concello se poña en contacto coa Deputación para ampliala estrada de Ventosela dende o colexio de Reboreda ata Ventosela. Hai que transmitirlle esta petición ó Consello Parroquial de Reboreda.

A asociación de Veciños de Ventosela propón facer unha beirarrúa ou paseo peonil no tramo da Revolta e así acondionalo para camiñar. Félix comenta que os propios técnicos do Concello poden facer alguna proposta ó respecto.

Mar Mariño comenta que hai poucos puntos de luz pola Revolta e no camino das Barroncas, camino que precisa que se asfalte un tramo e que se recollan as augas.

Bernardo Freire di que tamén hai pouca luz na Fonte das Caramboleiras (As Paridas).



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levantou a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o cal se redacta a presente acta, da que, como secretaria do Consello Parroquial, dou fe.

A presidenta

Mª José Barciela Barros

A secretaria

María Xosé López Regos